



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



cooperación**galega**

PLAN ANUAL DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO 2009

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA
UNIÓN EUROPEA**

PLAN ANUAL DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO 2009

1. Marco estratéxico e obxectivos 2009

1.1-Marco estratéxico	páxina 3
1.2-Plan 2009. Continuidade, novos avances e fin dunha etapa	páxina 5
1.3-Actuacións. Obxectivos 2009	
Obxectivo estratéxico 1	páxina 9
Obxectivo estratéxico 2	páxina 12
Obxectivo estratéxico 3	páxina 15
Obxectivo estratéxico 4	páxina 16
Obxectivo estratéxico 5	páxina 20
Obxectivo estratéxico 6	páxina 22
Obxectivo estratéxico 7	páxina 23

2. Medios de actuación 2009

2.1-Orzamentos	páxina 25
2.2-Convocatorias	páxina 27
2.3-Accións de cooperación directa	páxina 30
2.4-Accións de cooperación doutros departamentos	páxina 41

ANEXO:

Fundación Axencia Humanitaria de Galicia: Informe de Situación de Actuacións a xullo 2009

1. MARCO ESTRATÉGICO E OBXECTIVOS: 2009

1.1-Marco estratéxico

O Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009 establece os sete obxectivos estratéxicos que deberán dirixir a política galega de cooperación ao desenvolvemento.

Obxectivos estratéxicos

1. Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización e de educación para o desenvolvemento.
2. Fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación. Procura da integración e o traballo conxunto.
3. Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara ao cumprimento de obxectivos.
4. Ampliación e ordenación dos instrumentos de cooperación galega.
5. Implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación.
6. Fomento do comercio xusto e o consumo responsable.
7. Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega.

Prioridades xeográficas

- **ÁFRICA:** Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia, Senegal e campamentos saharauís.
- **AMÉRICA DO SUR:** Bolivia, Ecuador e Perú.
- **CARIBE:** Cuba, Haití e República Dominicana.
- **AMÉRICA CENTRAL:** Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.

Ademais, considéranse países preferentes Arxentina, Uruguai e Venezuela.

Prioridades transversais

- Declaración do milenio.
- Dereito ao desenvolvemento.
- Igualdade entre homes e mulleres.
- Respecto polos dereitos humanos.

Prioridades sectoriais

- Cobertura das necesidades sociais básicas.
- Infraestrutura e promoción do tecido económico.
- Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno.
- Investimento no ser humano.
- Defensa do medio.
- Axuda humanitaria e de urxencia.
- Sensibilización social e educación para o desenvolvemento.
- Consolidación e fortalecemento dos axentes de cooperación.

1.2-Plan 2009. Continuidade, novos avances e fin dunha etapa.

O ano 2009 ven marcado por unhas características especiais que afectarán o devir da cooperación galega, tendo en conta que, ademais de ser o último ano de vixencia do I Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento 2006-2009, será tamén o ano do debate e elaboración do II Plan Director 2010-2013, en coincidencia co primeiro ano de execución do Plan Director da cooperación española 2009-2012 co que, de partida, xa existe un elevado grao de coincidencia en moitos principios e actuacións.

Esta situación excepcional de final de ciclo e comezo de etapa con novas oportunidades, coincidente ademais cun cambio de goberno derivado da decisión da cidadanía galega tralas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 1 de marzo, obriga a un exercicio de contención e moderación que ven imposto, entre outras razóns, polas limitacións orzamentarias derivadas do Plan de Austeridade posto en marcha polo novo goberno .

Este labor de moderación non implica redución na ambición das actuacións que se pretenden levar a cabo, como é norma nos actores da cooperación galega e da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea como responsable da execución dunha política pública máis do Goberno galego. A propia ambición do Plan Director, a obrigada continuidade das actuacións emprendidas nos tres primeiros anos da súa execución e, sobre todo, o recoñecemento crecente da cooperación galega dentro e fóra de Galicia impiden unha minoración do ritmo.

Deste xeito, tras un período no que se levaron a cabo accións na totalidade dos obxectivos do Plan, así como o desenvolvemento dunha intensa actividade normativa e estratéxica, neste ano corresponde especialmente a

consolidación deste labor de fortalecemento dos alicerces da cooperación galega, como paso definitivo cara ao incremento da súa calidade e impacto.

As conclusións do I Foro da Cooperación Galega, celebrado en novembro de 2008, serviron de orientación para a elaboración do presente Plan Anual.

Cómpre unha consolidación específica das ferramentas e medios de actuación desenvolvidos, avanzando dende unha cooperación baseada en proxectos a curto prazo a unha cooperación baseada en procesos a medio e longo prazo nos que se poida garantir o cumprimento de criterios da Declaración de París sobre eficacia da axuda: apropiación, aliñamento, harmonización, xestión orientada a resultados e mutua responsabilidade.

O desexo de manter e consolidar os medios de actuación e as actuacións iniciadas obriga, aínda nun contexto de axuste orzamentario e de crise económica, a tomar a decisión de manter todas as convocatorias postas en marcha en 2008, especialmente as de programas e microproxectos, buscando un equilibrio co orzamento dedicado á convocatoria tradicional de proxectos.

Esta decisión implica dúas consecuencias que supoñen novas oportunidades para todo o sector galego de cooperación:

Por unha banda, a redución da velocidade no incremento da cooperación directa, mantendo os compromisos orzamentarios xa adquiridos cos programas en marcha, pero atrasando o comezo dos que están en proceso de identificación e reducindo o orzamento previsto en 2009. Este feito obriga tamén a acelerar o proceso de implicación doutras institucións públicas e privadas, tanto galegas como do resto do Estado ou internacionais, no cofinanciamento e corresponsabilidade no desenvolvemento dos programas.

Por outra banda, o mantemento das convocatorias, especialmente da de programas, cuxo axente executor son as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD), unido ao feito de que, en varios dos programas de cooperación directa, se conta tamén con ONGD en áreas de actuación onde están especializadas, pero tamén dende a perspectiva de asegurar o fortalecemento destas en Galicia, implica unha aposta e un recoñecemento ao esforzo e ao difícil labor dunha importante parte do sector por aumentar a calidade da súa cooperación e a súa integración no tecido social galego.

Conta o 2009 con todos os medios de cooperación dispoñibles para poder avanzar nunha cooperación de calidade, tanto coas convocatorias de microproxectos, proxectos e programas, como coa consolidación dos programas de cooperación directa impulsados dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou doutros departamentos da Xunta de Galicia, conxuntamente cos gobernos dos países prioritarios, coa participación de axentes especializados, de Galicia ou do país socio, en cada un dos sectores identificados, potenciando aínda máis a vocación de traballo integral, concentración e impacto da axuda galega.

Con estes programas consolidaranse tamén outras iniciativas, como a colaboración con organismos e axencias de cooperación internacionais (FAO, UNICEF, PNUD, UNIFEM, OEI, etcétera), o desprazamento de persoal técnico ao terreo (bolseiros/as ou técnicos especialistas) ou a implicación doutros departamentos da Xunta de Galicia en diversas fases dos programas de cooperación.

Cómpre tamén destacar que no último trimestre do ano contaremos cun informe externo de avaliación dos resultados do I Plan Director da Cooperación Galega, informe que servira de orientación para a realización do II Plan Director.

Nin a cidadanía galega nin o seu Goberno están illados do actual contexto internacional e interno. Isto obrigou a un axuste orzamentario na Xunta de Galicia; os fondos aumentaron aínda no contexto de crise, pero non na medida agardada.

Non obstante, aínda que o orzamento inicial para 2009 en Axuda Oficial para o Desenvolvemento incrementouse na mesma medida que o fixeran as demais partidas sociais da Xunta de Galicia, é dicir un 4,25%, o Plan de Austeridade posto en marcha polo novo goberno supuxo que o orzamento consolidado se mantivese respecto ao do ano 2008.

De tal forma, resulta evidente que non se cumpre o obxectivo de acadar o 50% de incremento anual, establecido como mínimo polo Plan Director e de que, a pesar de duplicar os fondos dende o comezo do actual Plan Director, se está lonxe de acadar o 0,4% dos orzamentos comprometidos para a cooperación internacional.

O 2009 e os seguintes anos debe seguir primando a aposta da Administración autonómica e local por consolidar os incrementos orzamentarios comprometidos do mesmo xeito que para calquera outra política social. Hai que continuar reforzando, ao mesmo tempo, a información e a comunicación á sociedade civil galega, para que a súa exixencia siga medrando coa urxencia que a situación de empobrecemento da meirande parte da humanidade en crise permanente demanda, como se recolle así mesmo no Pacto de Estado contra a Pobreza, asinado en 2007 por todos os grupos políticos con representación nas Cortes.

1.3-Actuacións. Obxectivos 2009

OE1. *Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento.*

O desenvolvemento dunha política dirixida á difusión das desigualdades no mundo e as súas causas representa un papel decisivo, polo que cómpre informar á sociedade galega da necesidade e a realidade da súa cooperación.

A importancia da sociedade galega na participación de iniciativas como cidadanía activa e implicada é vital na cooperación para o desenvolvemento.

Como mostra da importancia da **sensibilización** no labor da cooperación galega, os orzamentos dedicados a este obxectivo fóronse incrementando gradualmente. No ano 2008 o apoio orzamentario inicialmente previsto era do 7,24%, superando o mínimo establecido no I Plan Director, que o situaba nun 5% dos recursos orzamentarios totais.

Neste Plan Anual 2009 continúaase incidindo nas diferentes liñas de actuación xa iniciadas en anos anteriores, concretándose nas seguintes actuacións:

- Campaña de sensibilización en **centros de Formación Profesional**.

Durante o ano 2009 programouse unha exposición itinerante por 12 centros de Formación Profesional, dando continuidade á segunda edición do *Achégate!*. Mediante paneis amosáronse os proxectos levados a cabo no sur pola cooperación galega dende unha perspectiva humana, directa e obxectiva.

Esta campaña contou coa colaboración da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Consellería de Educación, potenciando así a colaboración entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia e dirixiuse concretamente aos ciclos superiores de Formación Profesional da rama sanitaria, saúde ambiental, marketing e comercio, que teñen estreita relación con sectores fundamentais da cooperación ao desenvolvemento, co obxectivo de sensibilizar e transmitir o sentido de xustiza e responsabilidade cos pobos menos desenvolvidos.

- As políticas de cooperación ao desenvolvemento humano orientadas a unha real superación da pobreza precisan de iniciativas universais de promoción da solidariedade, polo que se continúa a promover **actividades de sensibilización** á poboación galega a través da concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento de Galicia.

- **Actualización do Catálogo de Recursos Educativos**

Renóvanse cos recursos ofertados na nova convocatoria de sensibilización 2009. O obxectivo deste catálogo é achegar ao profesorado os proxectos destinados ao ámbito educativo, así como proporcionar unha ferramenta útil para que o profesorado poida participar activamente na educación para desenvolvemento, coa que gran parte do profesorado galego se sente comprometido e involucrado.

O catálogo vía web ten como obxecto que a páxina sexa un banco de recursos *on line* que ofrezca ao profesorado todos os materiais educativos dende a propia páxina. Estes encádranse en dous grandes ámbitos de traballo docente: no primeiro, os recursos e materiais de cooperación exterior susceptibles de empregarse como APOIO CURRICULAR DIRECTO de materias específicas (educación para a cidadanía, ciencias do mundo contemporáneo, etcétera), no segundo ámbito, e complementario ao primeiro, sitúanse os recursos que se constitúen en banco de materias

transversais e de educación en valores destinados a traballarse especialmente na ACCIÓN TITORIAL e non en materias específicas.

- **Avaliación externa do grao de impacto dos proxectos de Sensibilización e Educación para o Desenvolvemento en Galicia**

O obxectivo desta avaliación é continuar a fortalecer as accións de educación para o desenvolvemento na nosa comunidade autónoma. Esta avaliación céntrase tanto na análise de resultados como na avaliación dos obxectivos formulados nos proxectos, en dous niveis: o da súa pertinencia e o do seu desenvolvemento. Con esta avaliación preténdese recoller o impacto das accións acometidas. Tense en conta tamén, como marco da avaliación, as recomendacións dos organismos internacionais implicados no desenvolvemento social, cando establecen que se debe buscar como criterio prioritario a eficiencia dos esforzos na educación e na sensibilización en materia de desenvolvemento, polo que a procura desta eficacia debe presidir a formulación da avaliación.

- **Conmemoración de datas significativas para a Cooperación Galega:**

Realizaranse actividades informativas ou divulgativas con motivo da celebración de datas de especial importancia para a Cooperación Galega, tales como o Día do Cooperante ou o Día Internacional dos Dereitos Humanos.

- A **páxina web de cooperación galega** creouse como un espazo de encontro e intercambio. A través dela canalízase a información que se xera no ámbito das actuacións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea. Continuando nesta liña e co fin de que a páxina sexa cada vez máis dinámica, de fácil navegación e útil para todos os usuarios/as que accedan a ela, procedeuse durante o ano 2009 á **readaptación do portal web** da cooperación galega, con capacidade para albergar un espazo multimedia máis completo.

OE2. *Fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación. Procura da integración e do traballo conxunto*

Como tamén ocorre co Obxectivo 1, o fortalecemento dos actores da cooperación galega seguirá a ter en 2009 unha importancia moi superior á establecida no Plan Director, superando de novo a porcentaxe do 2% dos fondos dedicados a este fin.

En 2009 seguiranse a desenvolver as actuacións e ferramentas xa comezadas en anos anteriores, fortalecendo o crecemento harmónico dos distintos axentes e implantando novas accións na medida que o permitan as especiais características deste ano.

En todo caso, a expresión máis nidia da garantía futura deste fortalecemento do sector máis alá de 2009, está en que este pase a ser endógeno e autosustentable, implicándose en actuacións conxuntas ou que melloren a calidade das actuacións e a capacidade para acceder a novos interlocutores e fontes de financiamento. Apoiar, en definitiva, os actores que garantan resultados deste fortalecemento máis aló do fortalecemento en si.

Nesta liña, o **reforzamento da capacidade operativa** da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia experimentado nos últimos anos, seguirá a producirse especialmente sobre o terreo nos proxectos ou programas de cooperación directa, pero tamén no seguimento e avaliación *ex ante* e *ex post* dos proxectos financiados. Xa non só co fin de asegurar á cidadanía galega o bo uso dos fondos públicos dedicados á cooperación, senón para aumentar o impacto das actuacións de cooperación, garantindo que só se financien aquelas actuacións que, optimizando os recursos, cumpran cos principios de apropiación, aliñamento, harmonización, xestión orientada a resultados ou responsabilidade mutua.

Recoñécese a necesidade de facer visible a cooperación realizada por **outros departamentos** da Xunta de Galicia e, sobre todo, dar un pulo importante á implicación e financiamento de novas actuacións aproveitando a especialización temática de cada departamento, sempre respectando o Plan Director e apostando pola **coherencia de políticas** no conxunto do Goberno e co apoio e coordinación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Na relación de partidas incluídas ao final deste Plan Anual e na descrición dos principais programas que se van desenvolver, recóllese esta implicación crecente do traballo conxunto entre departamentos. A creación de sinerxías con outros departamentos seguirase a fomentar en 2009. Dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea continuarase co labor de reforzo das iniciativas propostas, achegando o coñecemento do terreo e as posibilidades de complementariedade co resto de actores.

No tocante ao **fortalecemento das ONGD**, recóllese a recomendación das entidades de primar aquelas con presenza significativa, medible e contrastable, así como a necesidade de apoiar procesos de fortalecemento a medio prazo (3/4 anos) a aquelas entidades que demostren a súa capacidade, tanto na execución de proxectos como na formulación de alternativas ou propostas de loita contra as causas da pobreza, e a dinamización das súas bases sociais, incluíndo a posibilidade de financiar procesos de acompañamento individualizados.

En 2009 mantense a convocatoria de fortalecemento aínda que cun orzamento inferior á de 2008 para adaptarse á realidade dos proxectos presentados e aprobados en 2008.

O financiamento estable de procesos de fortalecemento impulsouse en 2009 mediante a convocatoria de programas de cooperación co seu proceso de certificación da entidade solicitante, na implicación de ONGD en programas de cooperación directa da Xunta de Galicia

En 2008 asinouse un convenio bianual coa **Coordinadora Galega de ONGD** para dar estabilidade orzamentaria ao seu traballo de servizo, apoio e fortalecemento das ONGD, formación, creación de sinerxías entre todos os actores do sistema galego de cooperación, sensibilización da nosa sociedade e incidencia. En 2009 a coordinadora aprobará o seu Plan Estratéxico, considerándose a posibilidade de adaptar as actuacións inicialmente previstas e financiadas ás novas liñas estratéxicas.

Ademais de seguir apoiando as actuacións de cooperación do **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, compartírase coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea a identificación dun programa de cooperación no eido do fortalecemento institucional financiando a súa execución ao 50% para implicar así especialmente a concellos (sobre todo aos das sete grandes cidades) e as deputacións galegas.

No relativo á cooperación para o desenvolvemento feita polas **universidades galegas**, adoptouse o criterio de respectar estrictamente a autonomía de cada universidade co obxectivo de que sexan estas as que definan a súa estratexia en materia de cooperación, formación e investigación específica, así como da concreción organizativa e orzamentaria da súa estrutura administrativa.

Ao mesmo tempo, fomentárase a visualización das actuacións de cooperación ao desenvolvemento feita dende as universidades, difundindo definitivamente a relación de actores xa identificados (persoal docente, investigador ou de servizos) que está a traballar dende as máis diversas ópticas no eido da cooperación para o desenvolvemento.

Continúanse financiando as accións desenvoltas dende a Universidade de Santiago de Compostela como o “Máster en Xestión da Cooperación Internacional e das ONGD’s” e a Escola de Verán sobre temas relacionados coa cooperación ao desenvolvemento, ou da Universidade da Coruña, como o Diploma en Cooperación Internacional ao Desenvolvemento e Xestión de ONGD’s , ou as desenvoltas dende as Oficinas de Cooperación e Voluntariado de ambas Universidades.

OE3. *Mellora da calidade técnica e operativa do sector. Orientación cara ao cumprimento de obxectivos*

No relativo á *potenciación da formación integral do sector* de cara a mellorar a súa capacidade técnica e operativa, esta seguirá a ser unha prioridade en 2009 a través do apoio aos axentes mesmos. Existe na actualidade unha extensa oferta formativa no sector, polo que se aposta por apoiar aquelas actuacións emprendidas directamente polos axentes como a Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ou as accións que se financien con cargo á convocatoria 2009 de axudas a actividades formativas e de sensibilización.

En canto ao programa de *bolsas de formación para expertos/as* en cooperación internacional para o 2009, medida encamiñada a propiciar a profesionalización do sector galego de cooperación, amplíase a presenza de bolseiros/as en delegacións de organizacións internacionais en terreo. Á parte de manterse a relación iniciada coa *FAO* e *UNIFEM*, con un bolseiro en cada unha das súas sedes, cóntase con 8 bolseiros en oficinas técnicas de cooperación da AECID (OTC) nos países prioritarios para a cooperación galega e 3 na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea en Santiago de Compostela. No último trimestre do ano farase pública a convocatoria de bolsas para 2010.

Por último, continuarase a apoiar a incorporación de persoal funcionario da Administración tanto municipal coma autonómica en proxectos de cooperación para o desenvolvemento en terreo.

OE4. *Ampliación e ordenación dos instrumentos de cooperación galega*

En 2008 saíron á luz as dúas novas liñas de axudas destinadas ao financiamento de intervencións sobre o terreo de ONGD, a de **microproxectos** e a de **programas**. Deste xeito, dáselle cobertura ás posibilidades de actuación a curto, medio e longo prazo. Como se indicaba na introdución, manteranse todas as liñas de financiamento en 2009, analizando os posibles cambios propostos por parte dos distintos axentes, e mellorando aspectos como as guías de formulario.

A normalización de procedementos, formularios e criterios, así como o aumento da información compartida entre as distintas comunidades autónomas e mesmo a AECID segue a ser un reto inaprazable destas, como así se recoñeceu no I encontro de CCAA sobre cooperación ao desenvolvemento celebrado en Zaragoza.

Esta homoxeneización é imprescindible para avanzar na optimización de recursos da cooperación descentralizada, reducindo burocracia e gastos administrativos para centrarse no impacto en terreo.

Con este fin, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. da Xunta de Galicia participou no II Encontro de CCAA sobre cooperación ao desenvolvemento que se celebrou este ano en Mérida.

Neste ano 2009 continúaase coa actualización dos datos contidos no **Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento**, proceso necesario tras constatar a proliferación de informacións obsoletas.

Asemade esta actualización axudará tamén a detectar aqueles casos de entidades que pola súa desaparición ou inactividade manifesta puideran ser susceptibles de, trala instrución do oportuno expediente, causar baixa temporal ou definitiva no mesmo.

Do mesmo xeito, unha das modificacións que se realizarán na web oficial da cooperación galega é a de incorporar unha pestana específica referida ao Rexistro na que se poderá consultar que entidades están inscritas, así como acceder a aquelas informacións relativas á súa inscrición, e que a lexislación permite facer públicas a través dun mecanismo coma este.


No relativo á **Fundación Axencia Humanitaria de Galicia**, a implementación de actuacións, así como a xestión destas, o exercicio 2008 supuxo un salto cualitativo e cuantitativo. O volume de actuacións realizadas viuse amplamente incrementado, en relación directa ao aumento de fondos executados.

En 2008, dende a Axencia Humanitaria realizáronse actuacións de apoio no campo da acción humanitaria e da axuda de emerxencia en: Cuba, Guatemala, Territorios Saharauís, China, Haití , Birmania, Mozambique, Chad e Bolivia

Continuando co mesmo espírito de traballo, de cara a 2009 preséntanse os seguintes obxectivos:

1. Apoiar poboacións en situación de crise humanitaria ou emerxencia, mediante a realización de acordos de colaboración con entidades con presenza no terreo.
2. Potenciar a relación da Axencia Humanitaria de Galicia con outros actores do sector da acción humanitaria (entidades con presenza en Galicia; entidades de ámbito estatal, doutras comunidades e organismos multilaterais).
3. Fortalecer o traballo a prol da acción humanitaria dende Galicia: accións de difusión, estudos e outras potenciais colaboracións.

Na sesión do Padroado, con data do 26 de xaneiro de 2009, a Axencia Humanitaria de Galicia aprobou un Plan de actuación Anual baseado en dous grandes campos de acción e coa seguinte proposta de liñas de traballo:



No chamado eido da **acción humanitaria** e, en relación ao volume de ingresos previstos de cara a 2009, a Axencia Humanitaria executará, como mínimo, as seguintes actuacións:

<p>Liña 1: áreas preferentes</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Colaboración nos campamentos de refuxiados saharauís ○ Apoio a maiores e persoas en risco de exclusión en Cuba 	<p>Liña 2: VIH/SIDA - saúde</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Apoio sanitario a persoas afectadas polo VIH e vítimas da enfermidade (África Subsahariana)
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

<p>Liña 3: auga e saneamento</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Abastecemento e saneamento de auga Cabo Delgado, Mozambique 	<p>Liña 4: prevención de riscos / rehabilitación</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Apoio en prevención de riscos en Guatemala ○ Tarefas de rehabilitación en Cuba
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Con respecto á **axuda de emerxencia**, o 2009, dentro da Axencia Humanitaria, será un ano de reforzamento, na procura de acadar maior capacidade de resposta tras dunha emerxencia. Este reforzamento permitirá elevar o número total de actuacións de apoio en situación de emerxencia. Para iso, reforzase o *stock* de material de primeira necesidade que a Axencia Humanitaria posúe e posibilita unha rápida resposta.

Así mesmo, traballarase nun acordo de colaboración coa AECID co obxecto de poder dispor de parte do *stock* de resposta no Centro Loxístico que a Axencia Española posúe en Panamá, o que facilitará a inmediata posta a disposición de axuda se así for necesario.

Como complemento ao Fondo de Emerxencias, dende a Axencia Humanitaria traballarase na creación dun ficheiro de seguimento das (potenciais) emerxencias nos distintos países, así como nun mecanismo eficaz de intercambio de información entre os axentes que dende Galicia traballamos na resposta ante emerxencias en terceiros países.

Tanto no eido da acción humanitaria como da axuda de emerxencia, todas e cada una das actuacións que se van desenvolver estarán motivadas por criterios de necesidade e vulnerabilidade e someteranse a valoración, seguindo os criterios establecidos polo CAD: pertinencia/adecuación, conectividade, coherencia, cobertura, eficiencia, eficacia e impacto. Así mesmo, executarase baixo a observancia dos principios e boas prácticas na doazón humanitaria.

Por outra banda, durante o 2009, dende a Axencia Humanitaria de Galicia traballarase a prol da sensibilización social e na difusión das situacións de

crise que se están a producir na actualidade. Para iso contéplase a necesidade de traballo coordinado con outras entidades do sector en Galicia e farase público o enderezo web no que se aloxarán os contidos sobre a Axencia Humanitaria de Galicia.

En resposta ao obxectivo de fortalecemento da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, de acordo ao recollido na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de 2009, destina o 6,48% dos orzamentos deste departamento á Axencia (720.000,00 €), o que supón achegarse ao obxectivo establecido no Plan Director da cooperación galega de acadar un 8% do orzamento destinado á axuda humanitaria e de emerxencia.

OE5. *Implicación e procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación.*

Este obxectivo, animando á implicación de institucións, organizacións e persoas non directamente relacionadas coa cooperación pero si con moito que achegar ao desenvolvemento é, sen dúbida, o máis aberto. Indicábase no Plan unha lista non pechada de sectores con potencialidade e oportunidade de implicación: desenvolvemento rural, pesca, ambiente, novas tecnoloxías (enerxías alternativas e comunicacións), economía social e o cooperativismo, codesenvolvemento e descentralización política.

A realidade é que a riqueza e o potencial de implicación de sectores produtivos da sociedade galega en accións de cooperación é extraordinariamente superior ao que se prevía cando se aprobou o plan. Esta riqueza converteuse, ademais de na principal fortaleza para constituír xa non un sistema galego de cooperación senón un **sistema galego de desenvolvemento**, no camiño de poder completar o ciclo do proxecto na nosa comunidade autónoma e en liña co proposto polo novo Plan Director da cooperación española 2009 - 2012:

- Departamentos ou investigadores das tres universidades galegas.
- Empresas galegas con investimentos e presenza en países prioritarios e con potencial para acceder a fondos de cooperación multilaterais, creando xa ou con potencial de creación, de sinerxías de desenvolvemento.
- Entidades, consultoras e pequenas empresas especializadas en eidos como as enerxías renovables, auga potable, ambiente, lácteo, desenvolvemento forestal, industria madeireira, pesca, etcétera.
- Implicación real ou potencial das consellerías e organismos da Xunta de Galicia en programas de desenvolvemento, mediante accións individuais ou conxuntas ou mediante a achega de persoal técnico. Como se indica no punto de medios, son varias as consellerías da Xunta de Galicia que veñen de participar ou de realizar algunha acción relacionada coa cooperación ao desenvolvemento ou o comercio xusto, asesorando, en moitos casos, o labor das accións desenvolvidas dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
- Entidades ou organizacións sociais galegas con potencial ou interese para traballar en accións de desenvolvemento: discapacidade, ambiente, reinserción laboral, atención e prevención de drogodependencias, asociacións e colexios profesionais, atención inmigrantes, sanidade, etcétera.

A medida de consecución deste obxectivo que, como se ten comentado, deberá ser uns dos cernes do II Plan Director, virá dada polo avance do resto de obxectivos do Plan, especialmente no referente ao fortalecemento dos actores do sistema galego de cooperación e no de difusión da realidade e a riqueza da cooperación galega á súa cidadanía.

OE6. *Fomento do comercio xusto e o consumo responsable*

En primeiro lugar, e coa finalidade de promover o coñecemento e o acceso por parte da poboación ao comercio xusto, este continúa a estar presente e valorado en todas as *liñas de axuda* que convoca anualmente a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea: accións de sensibilización da cidadanía galega, fortalecemento de ONGD e proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior.

En segundo lugar, en 2009 seguirá a desenvolver os seus traballos a comisión técnica de comercio xusto. Esta configúrase como un lugar de encontro e comunicación coa meta de concertar obxectivos, procurar colaboracións, aproveitar sinerxías e coordinar actuacións concretas que propicien a consolidación do sector do comercio xusto en Galicia. Nela atópase representada a totalidade do sector (a Administración, as ONGD, a iniciativa privada, o colectivo dos consumidores, a universidade e as obras sociais).

Por outra banda, este ano coñeceranse os resultados da enquisa que anualmente fai o Instituto Galego de Estatística (IGE) aos fogares galegos e na que, por vez primeira, se recolle un módulo exclusivo sobre gasto das familias galegas en comercio xusto. Os resultados obtidos dotarán ao sector de datos relativos á demanda do comercio xusto en Galicia, datos que, pola súa vez, permitirán á comisión deseñar accións nese eido.

Tendo en conta que a Administración é unha gran consumidora dos máis diversos produtos (estímase que a compra pública supón no Estado un 25 % do PIB), a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea traballa a prol da *introducción do comercio xusto na Administración*, eido no que se experimentaron grandes avances. Así mesmo seguirase a traballar a prol da asunción de criterios de *compra ética* polos diversos departamentos da Xunta de Galicia, ben a través do contacto directo coas outras

consellerías ou mediando entre estas e as entidades especializadas na compra pública responsable, e que poden achegar o seu coñecemento á Administración.

Para afondar neste obxectivo, apoiárase desde a Dirección Xeral o curso sobre “Ferramentas Técnicas para a compra pública responsable”, organizado por Amarante, co fin de incrementar os coñecementos por parte dos técnicos das distintas administracións das ferramentas prácticas para a implantación de criterios de compra pública responsable nos trámites da contratación na administración.

OE7. *Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega.*

A valoración do cumprimento deste obxectivo por parte de todo o sector é a máis positiva de todas as do Plan. O esforzo de concentración da axuda nos países prioritarios e especialmente nos países máis empobrecidos conseguiu resultados efectivos.

A proposta de repartición dos recursos establecida no Plan Director aos 17 países prioritarios cun límite máximo do 70% está amplamente superada. En 2006 dedicáronse o 88% dos recursos, en 2007 o 81,4% e en 2008 esta porcentaxe aumentou ata un 93%.

Como o propio Plan Director advertía, o máximo do 70% podía ser superado se as circunstancias así o recomendaban, apostando por superar amplamente o obxectivo de dedicar entre un 10 e un 20% dos fondos de cooperación a países PMA. En 2006 e 2007 practicamente se chegou ao 20%, pero esta porcentaxe foi amplamente superada en 2008 ao destinar o 40% da axuda total da Xunta de Galicia a este fin.

Cómpre salientar que esta elevada porcentaxe se debe especialmente ao financiamento de dous programas en Guinea Bissau e un en Angola, pero,

en todos os medios de axuda, dedicáronse máis do 20% dos fondos a países PMA, o que reflicte, sen dúbida, o esforzo da Xunta de Galicia e, sobre todo, dos axentes do sector para apoiar, sobre todo, a países con índices máis elevados de pobreza.

A dinámica xa asumida fai difícil presupor que en 2009 non se volva superar o 20% asignado a países PMA, sendo esta, claramente, unha porcentaxe que se revisará á alza no seguinte Plan Director. Do mesmo xeito, a concentración de recursos en países prioritarios seguirá a ser elevada, aínda que previsiblemente en taxas inferiores ás de 2008.

No terceiro ano de implantación do Plan Director xa se realizaron accións en todos os países prioritarios e preferentes, coma un primeiro paso para unha ponderación na asignación de recursos entre os países prioritarios. En 2008 esta ponderación avanzou destinando preto dun 35% dos fondos ao continente africano, fronte a porcentaxes que roldaban o 20% en anos anteriores. Esta aposta por África e polos países máis empobrecidos continúa en 2009.

A elaboración de **plans de actuación país** (PAP) en 9 países prioritarios, o traballo continuo de procura continua de posibles sinerxías e traballo conxunto e o deseño e financiamento de procesos e programas de desenvolvemento, en liña co establecido na Declaración de París, permitiu tamén avanzar na concentración da axuda en sectores e áreas xeográficas específicas dentro de cada país, facilitando a implicación de novos actores e o aumento do impacto das accións.

Pero é certo que a constatación deste avance non está aínda sustentada en estudos das sinerxías reais ou posibles en cada país, que fortalezan aínda máis esta tendencia.

2. MEDIOS DE ACTUACIÓN

2.1-Orzamentos

No seguinte gráfico indícase o total e a composición dos orzamentos de AOD da Xunta de Galicia para o 2009

DXCE	ACTUACIONES	08 Anualidade 2009	Anualidade 2009	TOTAL 2009
Proxectos no Exterior	Convocatoria Axentes Cooperacion	1.590.578	2.008.709	3.599.287
	Convocatoria Programas	813.449	850.000	1.663.449
	Convocatoria Microproxectos	-	150.000	150.000
	Programas e proxectos cooperación Directa	1.093.383	1.792.167	2.885.550
	Axencia Humanitaria de Galicia	-	720.000	720.000
Sensibilización	Convocatoria Sensibilización	117.072	213.323	330.395
	Actuacións Sensibilización	44.846	-	44.846
Fortalecemento	Convocatoria Fortalecemento	62.264	176.668	238.932
	Actuacións Fortalecemento	87.664	-	87.664
Formación	Cursos e encontros	29.799	81.800	111.599
	Bolsas	-	227.160	227.160
Outros		-	338.842	338.842
	TOTAL DXCE	3.839.055	6.558.669	10.397.724
Outros Departamentos				
	Consellería do Mar	682.000		682.000
	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraes	200.000	250.000	450.000
	Consellería de Sanidade		69.000	69.000
				-
	TOTAL Outros Departamentos	882.000	319.000	1.201.000
	TOTAL XUNTA DE GALICIA	4.721.055	6.877.669	11.598.724

Como se indica no cadro anterior, tras a posta en funcionamento do Plan de Austeridade polo novo goberno galego, o orzamento da Xunta para cooperación ao desenvolvemento ascende a 11.598.724 euros.

O orzamento de cooperación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea supón, tras a aplicación do dito Plan, 10.397.724 euros, o 89,6% do total da AOD do conxunto da Xunta de Galicia, manténdose respecto ao orzamento do 2008.

Os importes considerados AOD orzamentados polos departamentos da Xunta de Galicia indicados supoñen un conxunto de 1.201.000 euros. Só se consideran aquelas partidas identificadas claramente como AOD, como as que corresponden ás consellerías indicadas.

Neste exercicio continuará o traballo entre os departamentos implicados na procura dun maior apoio, transparencia e difusión das actuacións de AOD. Do mesmo xeito, continuarase a potenciar a actuación co resto de departamentos e organismos cos que xa se está a manter relación para a súa implicación en accións de cooperación, ben de xeito orzamentario ou ben no apoio técnico: Consellería de Traballo e Benestar, Consellería de Facenda, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade - SERGAS, etcétera.

Cómpre tamén salientar como exemplos da potencialidade de acceso a fondos de cooperación estatais ou multilaterais das institucións e axentes da cooperación galega, o desenvolvemento do programa de fortalecemento institucional do Goberno da Wilaya l'Oriental (Marrocos) desenvolvido pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios da Consellería de Economía, dotado con 1.130.000 euros e financiamento comunitario, ou o programa de fortalecemento do sector da saúde en Guinea Bissau desenvolvido polo SERGAS e o Hospital Universitario de Santiago, con financiamento maioritario da Fundación para la Cooperación y Salud Internacional Carlos III (382.966 euros).

Non poden evidentemente considerarse partidas de AOD galegas pero si indican unha vocación, que aumentará de seguro no futuro, da cooperación galega e da capacidade dos seus medios humanos e técnicos para implicar a institucións de todo tipo.

A distribución prevista dos orzamentos de cooperación da Xunta de Galicia farase do seguinte xeito:

- Un 51,6% (57,5% dos fondos da DXRREE), 5.982.063 euros, destínanse ás convocatorias públicas de axudas dirixidas a proxectos de cooperación no exterior, de sensibilización e educación, de consolidación e fortalecemento de ONGD, microproxectos e programas.

- Un 44,5% (38,1% dos fondos da DXRREE), 5.166.211 euros, destínanse ao cofinanciamento de proxectos de cooperación, formación e sensibilización, a través da subscripción de convenios con axentes (principalmente institucións) galegos e do exterior, proxectos conxuntos coa AECID ou con institucións multilaterais e a convocatorias de bolsas de formación de expertos en cooperación internacional.
- Un 3,9%, destínanse a outras actividades de cooperación galega, tanto no eido da sensibilización e formación como a distintas fases do ciclo do proxecto: campañas de comunicación, publicacións, identificacións, xestión, seguimento e avaliacións de proxectos ou programas.

2.2-Convocatorias

Como se dixo ao comezo, a pesar do incremento orzamentario inferior ao previsto, mantivéronse todas as convocatorias desenvolvidas en 2008, adaptando e homoxeneizando os orzamentos de cada unha, co criterio de primar as actuacións a medio e longo prazo con garantía de impacto no terreo e que facilite, ao mesmo tempo, a implicación e sensibilización da sociedade galega.

En todas as convocatorias tivéronse en conta as propostas dos distintos axentes da cooperación galega implicados, especialmente as ONGD, pero tamén doutros axentes de cooperación galegos, especialmente universidades e empresas, que están a ter unha maior implicación na formulación e seguimento de proxectos desde a nosa comunidade.

Non se propoñen cambios de importancia nas tradicionais convocatorias de cooperación, sensibilización e fortalecemento.

As convocatorias 2009 recollen os cambios reclamados polo sector que permite a nova lei de subvencións e que diminúen os trámites burocráticos, facendo unha maior incidencia no seguimento e garantía de impacto das accións financiadas.

► Convocatoria para a execución de **proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior realizados por axentes de cooperación:**

- Subvención Concedida: 3.250.792 euros.
- Inclúe:
 - 20 proxectos desenvolvidos por ONGD, por un importe total de 2.952.785 euros (1.806.602 euros na anualidade 2009 e 1.146.183 euros no exercicio 2010), financiando ata 175.000 euros por proxecto, 350.000 euros en agrupación.
 - 4 proxectos desenvolvidos por universidades, empresas, sindicatos e comunidades galegas no exterior, por un importe total de 298.007 euros (202.107 euros na anualidade 2009 e 95.900 euros no exercicio 2010), e fináncianse ata 125.000 euros por entidade, 250.000 en agrupación.

En ambas as liñas introducíronse, entre outras, as seguintes novidades:

- Limitación de número de proxectos a presentar por entidades beneficiarias da convocatoria de programas 2008.
- Eliminación duplicado en papel do documento de formulación do proxecto así coma do resto da documentación.
- Presentación de orzamento solicitado por anualidades para diminuír readaptacións en proxectos aprobados.
- Formulario excel específico para orzamentos e cadro de financiamento, xa non en formato texto para diminuír erros en cantidades e operacións.

► Convocatoria para **actividades formativas e de sensibilización** en materia de cooperación para o desenvolvemento:

- Subvención concedida: 305.278 euros (213.323 euros na anualidade 2009 e 91.955 euros no exercicio 2010),.
- Fináncianse 19 proxectos, cun máximo de ata 25.000 euros por proxecto, 50.000 euros en agrupación.
- Non se fan cambios substanciais na convocatoria.

► Convocatoria para a **consolidación e o fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento:**

- Subvención concedida: 282.580 euros (176.668 euros na anualidade 2009 e 105.912 en 2010)
- Financiáronse 14 proxectos con un máximo de 18.000 euros no caso de entidades con delegación en Galicia e ata 25.000 euros no caso de entidades con enderezo social galego.
- Non se fan cambios substanciais na convocatoria.

► Convocatoria para a realización de **microproxectos por ONGD:**

- Dotación: 150.000 euros. (Pendente Resolución)
- Fináncianse ata 25.000 euros por proxecto.
- Fináncianse ONGD que non reciban fondos doutras convocatorias.

► Convocatoria de subvencións para a realización de **programas de cooperación por ONGD:**

- Dotación: 3.000.000 euros. (Aberto prazo de solicitudes)
- Vinculada ao procedemento de cualificación de entidades.
- Fináncianse programas con cargo a 3 ou 4 exercicios.

2.3-Accións de cooperación directa

Dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, durante o 2009, prímase, ademais do cumprimento dos compromisos adquiridos, a execución plena dos programas xa iniciados en Guatemala, República Dominicana e Centroamérica e o remate da identificación de dous programas en Perú e Mozambique. Do mesmo xeito remataranse as identificacións en marcha xunto a diversas axencias de cooperación, aínda que a súa posta en marcha con fondos da cooperación galega se atrasará ata o 2010.

Na súa política habitual de transparencia, na web www.cooperaciongalega.org aparece información detallada de todos os programas e proxectos financiados dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Os **programas e proxectos de cooperación** que comezarán ou continuarán desenvolvéndose en 2009 serán os seguintes:

GUATEMALA: Iniciativa de Desenvolvemento Integral (IDI) Oxlajuj Tz'ikin.

Realizado xunto ás municipalidades de Retalhuleu e Champerico. Organízase segundo cinco compoñentes, centradas en cinco sectores de actuación: saúde, educación, seguranza alimentaria e xeración de ingresos, habitabilidade básica e saneamento.

Así mesmo, implica tres liñas ou compoñentes transversais: fortalecemento institucional, fortalecemento comunitario e xestión de riscos.

Ademais trabállase en 3 enfoques de modo transversal en todas as compoñentes: xénero, ambiente e dereitos humanos, con especial énfase na pertinencia cultural.

Para o desenvolvemento de cada compoñente cóntase coa participación de 5 ONGD galegas con experiencia no país e na zona de intervención, coa intención paralela do fortalecemento das súas delegacións en Galicia, así como de 8 organizacións sociais guatemaltecas:

- Saúde e educación: Farmacéuticos Mundi, Educación Sen Fronteiras, Asociación Servizos Comunitarios de Saúde ASECSA, Proxecto de Desenvolvemento Santiago PRODESSA.
- Economía e produción: ACSUR, Asociación para a promoción e o desenvolvemento da comunidade “CEIBA”, A.M.O.N.
- Habitabilidade básica (vivenda e servizos: auga, saneamento e enerxía): Arquitectos Sen Fronteiras (ASF), Solidariedade Internacional (SI), Asociación Pro Auga do Pobo (ADP).
- Fortalecemento institucional: Fundación INCIDE.
- Fortalecemento comunitario e enfoque de xénero: Coordinadora Nacional Indíxena e Campesiña (CONIC).
- Xestión do risco e prevención de desastres: ACSUR, CPDL (Colectivo Poder e Desenvolvemento Local).

Durante o 2008 comezou a intervención nalgunhas das liñas do programa cun orzamento asignado de 361.447 euros. Para o ano 2009 esta previsto o investimento de 1.132.498 euros e cun compromiso para o ano 2010 de 1.101.589 euros en todas as liñas do programa, así como a implicación de novos actores institucionais tanto de Galicia, como outros achegados pola AECID. Do mesmo xeito, e xunto coas ONGD galegas implicadas, reforzaranse tamén as accións de sensibilización e difusión do programa.

REPÚBLICA DOMINICANA: **Iniciativa de Desenvolvemento Integral (IDI) de mellora do barrio de Santa Lucía - La Mosca - Cienfuegos.**

O programa pretende o desenvolvemento da poboación do barrio de Santa Lucía - La Mosca, na cidade de Santiago de los Caballeros, especialmente contando coa rehabilitación e desenvolvemento na contorna do vertedoiro anexo.

Liderado conxuntamente co concello de Santiago de los Caballeros e coa *Corporación para el Desarrollo Santiago*, conta coa participación da ONGD Asemblea Cooperación pola Paz e das institucións dominicanas Fundación Solidaridad, Cámara de Comercio, Jacarafe e Fundelosa.

Os sectores de actuación nos que se traballa son os de fortalecemento da sociedade civil, saneamento básico, saúde primaria e preventiva, educación técnica e profesional e desenvolvemento produtivo.

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) participa en paralelo no punto técnico xunto á Municipalidade de Santiago de los Caballeros, apoiando as solucións técnicas específicas.

Durante o 2008 comezou a intervención en todas as liñas do programa cun orzamento asignado de 235.444 euros. Para o ano 2009 esta previsto o investimento de 452.834 euros e cun compromiso para o ano 2010 de 396.828 euros en todas as liñas do programa en todas as liñas do programa, así como a implicación de novos actores institucionais de Galicia, como o concello de Santiago de Compostela.

CENTROAMÉRICA: **Plan de Pesca en Centroamérica.**

A través de OSPESCA (SICA) e coa participación dos gobernos de Nicaragua, Honduras, O Salvador, Nicaragua, Costa Rica, Panamá e Belice,

finánciase o PROFOPAC (Programa de Formación para Pescadores Artesanais), unha das catro liñas do programa rexional de apoio á pesca en América Central, que conta tamén co apoio da AECID. A execución e a xestión técnica realízase no Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) e a Consellería do Mar. O 2009 será o último ano de execución deste plan, propónse a continuidade para anos sucesivos con todos os axentes implicados. A achega prevista en 2009 é de 164.000 euros.

PERU: Iniciativa de Desenvolvemento Integral (IDI) en Chiriaco.

No ano 2008, a partir do éxito da experiencia realizada no eido educativo, comezouse unha identificación para a realización dunha nova Iniciativa de Desenvolvemento Integral no departamento do Amazonas, máis concretamente, na zona de Chiriaco (distrito de Imaza).

A raíz da problemática identificada definíronse as seguintes liñas de actuación:

1. Mellora das condicións de habitabilidade básica.
2. Fortalecemento do sistema de saúde.
3. Desenvolvemento da educación intercultural bilingüe.
4. Desenvolvemento dun centro de formación de educación técnica rural.
5. Desenvolvemento produtivo e xestión dos recursos naturais.
6. Fortalecemento de capacidades institucionais e estruturais sociais locais.
7. Identidade cultural e intercultural, con especial incidencia no enfoque de xénero.

A pesar da dificultade de acceso, das extremas condicións de vida e da escasa presenza de actores de cooperación, o traballo feito ata o de agora tivo unha grande implicación coa comunidade local reflectido en visitas, entrevistas e realización de talleres.

Tamén houbo unha grande implicación das institucións públicas, froito do cal se redactou un Acordo Marco entre o Goberno Rexional de Amazonas, o Plan binacional de desenvolvemento da rexión fronteiriza Perú-Ecuador e a Xunta de Galicia, no que se define a implicación de cada un no proceso de identificación.

En 2009 rematará este traballo de identificación.

MOZAMBIQUE. Programa de Acceso e Xestión da Auga

Durante o ano 2008, comezou unha identificación na provincia de Cabo Delgado no sector da auga. Para o que un equipo multidisciplinar integrado por expertos do Grupo de Enxeñería de Auga e Medio Ambiente da Universidade da Coruña, así como das consultoras Amphos e Adantia, desprazouse ao terreo. Froito desta acción e tras unha profunda análise dos problemas atopados, decidiuse intervir ao redor de dous eixes:

1. Abastecemento e saneamento de auga, acompañado da parte comunitaria de transformación social e complementado con investimento en rehabilitación e mantemento de infraestruturas relacionadas co recurso da auga.
2. Reforzo das institucións públicas competentes no sector da auga a nivel de provincia e distrito.

Neste proceso estiveron implicados moitos actores, dous dos cales (o Goberno de Mozambique e a AECID) son claves para acadar unha viabilidade e sustentabilidade no futuro. Estes coparticiparán na súa execución, que pola súa ambición e potencialidade, conta cunha vocación inequívoca de implicar a axencias de cooperación multilaterais.

En 2009 rematarase a identificación e formulación do programa para o que, dende comezo de 2009 cóntase cun técnico expatriado na oficina da AECID en Pemba (Cabo Delgado) que coordinará o remate da identificación.

HAITI. Programa de Desenvolvemento Pesqueiro

No ano 2008 a Administración governamental haitiana competente en materia pesqueira solicitou a colaboración da Xunta de Galicia, coa finalidade de deseñar e pór en marcha un *Programa Integral de Desenvolvemento Pesqueiro* no seu país.

Deste xeito, durante os meses de abril e xuño levouse a cabo un proceso de identificación xunto ao Goberno haitiano, a AECID e a FAO, dos principais problemas que padece o sector, así como das oportunidades que presenta, para posteriormente efectuar a definición de prioridades e obxectivos que se van abordar no Programa.

O resultado deste proceso previo consistiu no deseño de estratexias e accións concretas, enmarcadas en catro eixes de intervención cunha estratexia a cinco anos, mediante o traballo e a complementariedade coas políticas públicas e de cooperación existentes.

Os catro eixes de intervención nos que se pretende traballar son:

- Marco legal e institucional.
- Aspectos socioeconómicos do sector.
- Comercialización e promoción de produtos pesqueiros.
- Xestión pesqueira.

O traballo nestes eixes irá acompañado de accións directas nas comunidades de pescadores, que permitan retroalimentar de xeito

encadeado dende os traballadores á Administración, as actuacións realizadas asegurando a mellora da calidade de vida da poboación.

HONDURAS: Programa de Cooperación sobre os Dereitos das Mulleres

En 2008 comezouse a identificación dun Programa en Dereitos das Mulleres ante a extrema situación de violencia de xénero que sofre Honduras. Este programa inclúe o acceso das mulleres á xustiza e baséase nun proceso participativo para ter en conta tanto o fortalecemento institucional como o da cidadanía no ámbito urbano e rural.

As liñas de actuación que se identificaron a raíz da análise dos problemas atopados durante este proceso de entrevistas, reunións e talleres participativos en Honduras, son:

1. Prevención: ten como obxectivo o de implementar estratexias de prevención na sociedade civil que contribúan a diminuír a violencia contra as mulleres.
2. Atención: detectouse unha necesidade de mellorar a atención as mulleres sobreviventes por parte das organización de mulleres e os facilitadores de servizos (xustiza, saúde, seguranza, ...).
3. Lexislación e acceso á xustiza: débese promover reformas da lexislación relacionadas coa violencia contra as mulleres e mellorar o acceso á xustiza.
4. Promover a investigación, incidencia política e información relacionada coa violencia contra as mulleres.
5. Coordinación, seguimento, avaliación e sistematización, que establezan os mecanismos para garantir os resultados esperados do programa.

O primeiro paso de actuación do programa en 2009 vaise dar acompañado pola Organización de Estados Iberoamericanos (OEI), que ten definido un programa en varios países latinoamericanos: “**Seguridade e cidadanía en**

Iberoamérica. **Estratexias educativas para previr e actuar na xuventude**", no que unha das súas liñas de intervención é a de "Prevención na violencia de xénero e formación do persoal funcionario en Honduras".

BRASIL: Proxecto de Capacitación para Profesionais que traballan con Persoas con Discapacidade e Anciáns.

Este programa impúlsase xunto á Secretaría Municipal da Persoa con Deficiencia da Prefectura de Río de Janeiro, o Instituto Nacional de Educación de Xordos, o Instituto Nacional de Cegos, a Asociación Brasileira de Beneficencia e Rehabilitação e o Instituto Brasileiro de Defensa dos Deficientes; co apoio da AECID e o Ministerio de Desenvolvemento Social e Combate contra a Fame do Goberno Federal Brasileiro.

O proxecto, que será desenvolvido e financiado pola Consellería de Traballo e Benestar e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, implicará a formadores de distintas institucións e departamentos da Xunta de Galicia e de organizacións do eido social galego con experiencia en discapacidade. Durante o primeiro trimestre de 2009 completouse a formulación do Plan de Formación de acordo con todas as institucións implicadas así como o seu orzamento definitivo.

Mención especial, merece a posta en marcha **do Proxecto Piloto de Codesenvolvemento Galicia-Senegal** conxuntamente coa Secretaría Xeral de Emigración, pois confórmase como a primeira experiencia institucional da nosa comunidade autónoma neste eido.

Ao longo do ano 2008, levouse a cabo un proceso participativo de identificación de necesidades, problemáticas, fortalezas e definición de obxectivos, xunto ás asociacións de senegaleses afincados en Galicia e ONGD que traballan tanto no eido das migracións coma na cooperación con Senegal e/ou países do entorno. Nestas sesións de debate tratáronse en

profundidade cuestións relativas á realidade senegalesa, á situación do colectivo en Galicia e aos vínculos tecidos no espazo transnacional.

Resultado deste proceso foi a definición de dúas compoñentes nas que traballar no período 2009-2010. Por unha banda, aquela a executar integramente en Galicia baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Emigración, encamiñada a fortalecer ás asociacións de cara a contribuír ao incremento da participación deste colectivo no desenvolvemento das súas comunidades de orixe, así como da súa integración en Galicia. Pola outra, a intervención a levar a cabo no Senegal, baixo a coordinación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, no norte do país (departamento de Podor), no eido do apoio ao desenvolvemento produtivo. O lugar seleccionado é a comunidade de Diama Al Waly, da que proveñen algúns dos senegaleses afincados en Galicia e coa que existen lazos coas asociacións de senegaleses que traballan en Galicia.

No segundo semestre do 2008 leváronse a cabo os traballos de identificación na zona, atopándonos na actualidade en fase e formulación.

Os eixes de intervención comprenden:

- apoio ás infraestruturas de produción
- reforzo de capacidades
- fortalecemento asociativo

As principais **accións xa iniciadas por este centro directivo** e que continuarán en 2009, serán as seguintes:

- **Perú:** investigación ecolóxica do *Vibrio* e as súas implicacións epidemiolóxicas. Realizado co Instituto de Acuicultura da USC. A achega prevista en 2009 é de 83.541 euros.
- **Arxentina:** consolidación e posta en marcha do Instituto para o Desenvolvemento e a Innovación Educativa. Realizado coa Organización de

Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI). A achega prevista en 2009 é de 100.000 euros.

- **Colombia:** transferencia tecnolóxica para o cultivo do *Mero guassa* e moluscos bivalvos como estratexia prospectiva para a seguranza alimentaria. Realizado co Instituto de Acuicultura da USC. A achega prevista en 2009 é de 105.819 euros.
- **Cuba:** mellora das condicións de habitabilidade a vivendas no centro histórico de Santiago de Cuba. Xunto ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A achega prevista en 2009 é de 90.912 euros.
- **Cuba:** Programa de doutorado en economía pola Universidade de La Habana, a través da Universidade de Santiago de Compostela. A achega prevista en 2009 é de 50.000 euros
- **Perú:** desenvolvemento rural na conca do Chipillico. Realizado xunto á Asociación Chira, a mancomunidade de municipios da conca de Chipillico é a AECID. A achega prevista en 2009 é de 107.000 euros.
- **Centroamérica:** Plan de apoio á formación profesional dos pescadores artesanais, realizado cao Fundación Cetmar. A achega para o ano 2009 é de 164.000 euros.
- **Bolivia.** Construción e equipamento do colexio en Samaipata. Realizado xunto ao Distrito de Educación Municipal. A achega prevista en 2009 é de 42.000 euros.
- **Bolivia.** Programa fortalecemento institucional Administración descentralizada, xunto ás universidades de Santa Cruz e La Paz e a Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Santiago de Compostela. A achega prevista en 2009 é de 139.335,51 euros.

Esta sección abrangue, así mesmo, todas aquelas accións de fortalecemento ou sensibilización executadas a través dos representantes dos distintos axentes galegos de cooperación como a Coordinadora Galega de ONGD ou o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que continúan a execución dos convenios específicos aprobados en 2008, ou

directamente as universidades galegas e a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.

Inclúense neste punto o financiamento de 14 bolsas de formación, 3 na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e 11 no exterior, tanto nas OTC da AECID, (Guatemala, Bolivia, Perú, Mozambique, Senegal e, por primeira vez en 2009, en Haití, República Dominicana e Cabo Verde) como en axencias de Nacións Unidas como FAO (Angola) ou UNIFEM (Ecuador).

Como xa foi mencionado nos distintos proxectos e programas, manterase a estratexia xa iniciada dende o comezo do Plan Director, da implicación coa AECID xa non só financeira senón, sobre todo, na formulación e execución conxunta dos proxectos, asegurando a implicación de galegos e galegas con coñecemento experto e liderando tamén iniciativas de cooperación conxunta.

Como xa se recolleu no punto de Medios, reforzarase a crecente comunicación e traballo conxunto coas institucións responsables da cooperación **doutras comunidades autónomas**, tanto en foros tales como a Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento Estatal ou o II encontro de CCAA, como con relacións particulares para compartir información sobre proxectos ou actividades financiadas ou realizadas. En 2009 estreitaranse estes vínculos co obxectivo engadido de propor algunha posible iniciativa conxunta ou de cooperación delegada, ben no mesmo ano ou xa en 2010.

No traballo con **institucións multilaterais**, nin a lei de cooperación nin o plan Director recollen a cooperación multilateral como vía para a canalización da axuda galega. A estratexia mantida ata o de agora e que continuará en 2009, consistiu nunha primeira fase en situar a cooperantes en formación en oficinas ou delegacións no terreo de organismos internacionais.

Deste xeito, continuarase a relación coa **FAO**, aproveitando a presenza dunha bolsa de traballo na delegación en terreo en Angola. En paralelo, continuarase a relación xa iniciada nos programas identificados en Haití ou Mozambique implicando as oficinas de terreo xunto a outras axencias multilaterais. Do mesmo xeito, a Consellería de Pesca, a través do programa *Galaqua* de apoio ao desenvolvemento da acuicultura rural, fortalecerá tamén a relación coa FAO.

Do mesmo xeito, a produtiva experiencia da bolsa de formación, comezada en 2008 na sede de **UNIFEM** en Quito, mantense en 2009, e analizarase a posibilidade de ampliála cara ao 2010, identificando, ao mesmo tempo, posibilidades de colaboración en futuras accións conxuntas de cooperación ou asesoría en materia de xénero. O tamaño e características de UNIFEM permiten albiscar elevadas posibilidades de colaboración e entendemento.

2.4-Accións de cooperación doutros departamentos da Xunta de Galicia

Outros departamentos da Xunta de Galicia continúan a levar a cabo actuacións no eido da cooperación ao desenvolvemento.

Ademais das iniciativas concretas de cooperación en terreo e de sensibilización e educación en Galicia, e tal e como se recolle ao longo de todo este documento de planificación anual, é salientable o aumento do coñecemento, do entendemento e da implicación dos outros departamentos da Xunta de Galicia respecto ao desenvolvemento. No referente ao procedemento, consolidouse o proceso de informe e consulta ao departamento competente na materia de cooperación, a través dos diversos servizos de asesoramento xurídico da Xunta de Galicia; así mesmo, comeza a afondarse en temas como a compra pública ética ou a importancia da implicación dos profesionais da nosa Administración en proxectos de

transferencia; na especialización sectorial, aumenta a vontade de colaboración con organismos internacionais especializados, como unha porta de futuro que se terá en conta no momento de abrir unha estratexia multilateral, así como a receptividade con gobernos do Sur.

CONSELLERÍA DO MAR

A achega para o 2009 desta Consellería ascende a 682.000 euros. Esta achega reflicte o esforzo e experiencia desta no fomento da formación, transferencia de coñecementos e tecnoloxía así como o apoio institucional, e a poboacións de pescadores artesanais en diversos países.

Algunhas das actuacións dan continuidade aos proxectos de cooperación en materia pesqueira iniciados pola extinta Dirección Xeral de Cooperación Exterior nos anos 2006 e 2007, outras complementan proxectos impulsados conxuntamente con AECID e, outra parte, dá resposta á solicitude dos departamentos ou ministerios especializados dos países do sur, na procura de obter a transmisión de coñecemento e tecnoloxías dunha potencia mundial no eido pesqueiro como é Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Esta consellería continuará os programas de cooperación iniciados en 2008, especialmente a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. En 2009 está previsto o investimento de preto de 450.000 euros nos seguintes proxectos: Siria: rehabilitación do Campo de refuxiados palestinos de Neirab. 200.000 €, e Sahara Occidental: proxecto de cooperación internacional construción de 22 vivendas no barrio da Solidariedade en Tifariti, coa achega de 250.000 €

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Esta consellería realiza accións de apoio á prevención de drogodependencias en Chile e Arxentina por un total de 49.000 euros e fortalecemento do sector saúde en Guinea Bissau, cunha achega de 20.000 euros.